

Os escritores galegos reclaman a Sampedro como un dos seus



O autor nado en Barcelona vai cumprir 95 anos

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega vén de nomear a José Luis Sampedro Escritor Galego Universal, premio que xa recibiron Mahmud Darwish, Pepetela, Nancy Morejón, Elena Poniatowska, Juan Gelman e Antonio Gamoneda. Co galardón a AELG pretende destacar aqueles autores que unen á excelencia literaria o compromiso ético que os converte en referentes na defensa da dignidade humana e das culturas nacionais. No caso de Sampedro quérese salientar a alta calidade da súa "literatura lúcida, profunda, radical e transgresora, impregnada do insubornábel compromiso ético do autor". O galardón entregaráselle no mes de maio.

Cultura • 20/01/2012 • Autor: Redacción

A relación de José Luis Sampedro con Galicia comezou nos anos 70 a través da Agrupación Cultural Lóstrego de Madrid, da que foi presidente de honra e coa que colaborou economicamente cunha mensualidade do seu soldo de Senador por designación real nas primeiras cortes democráticas; no exercicio desta responsabilidade defendeu a inclusión do dereito de autodeterminación no texto constitucional.

Ese vencello continuou a través da Facultade de Ciencias Económicas da Universidade de Santiago de Compostela, participando en congresos alí

organizados nos anos 80. En 1990 impartiu a lección inaugural, con título "Un humanismo para una crisis", da segunda edición da Universidade Popular de Ortigueira, aproveitando a estadía para coñecer Betanzos (onde está soterrado un seu avó), A Mariña de Lugo e a comarca de Ortegal, visita que tivo reflexo na súa novela máis querida, "Real Sitio".